

ZËNZAR

“O Galego”

Fala en galego
e non teñas medo
Canta en galego
e non serás menos

Haberá quen che diga
fala castejano
O galego non serve
falarlle aldeano

Aprende dos maiores
ensínalle aos pequenos
se non entenden
que traian tradutores

non é comercial
nin cultural
atentado a moral
señoritos da capital

*Berra ben forte
que se enteren en Madrid
o galego nin tocalo
fóra de aquí*

Somos rapaces de aldea
coma quen di
non somos ninguén
andamos coas raíces as liortas
sabémolo ben

Que non é coma quen
que non vai máis alén
que tanto che nos ten
os atrancos contra este tren

Pobo queseiro
con espírito de vagabundo
con orgullo
e farto de ficarse mudo

Vigo non morreu e berra
tendo un mar profundo
fillos portadores
da lingua do fin do mundo

Galego de verdá
non de postureo
moitos están dispostos
aínda non o creo

Queremos falar
silenciades de falar
nin grandes escaerios
nin restos no xornal

Discurso de político
ben aprendido
algún non sabe lelo
e menos escribilo

Eu son galego
que é fai metal
esta é a miña terra
para ben ou para mal

*Berra ben forte
que se enteren en Madrid
o galego nin tocalo
fóra de aquí*